

superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto del o ente ou organismo público a que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

2. O disposto no número anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme as normas de dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos a que se refire o número anterior repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda nos que, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. Para tal efecto, a cota repercutible determinarase en razón da parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.»

Disposición transitoria.

Para os efectos da elaboración das contas anuais que correspondan ao primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008, as empresas elaborarán un balance de apertura ao comezo dese exercicio. Este balance elaborase de acordo coas normas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo das excepcións previstas regulamentariamente.

Disposición derogatoria.

1. Á entrada en vigor desta lei quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Os artigos 177 ao 198, ambos inclusive, do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro. Quedan por conseguinte sen contido as seccións segunda, terceira, cuarta e quinta do capítulo VII dese texto legal.

b) O artigo 141 e as disposicións adicionais décimo segunda e décimo cuarta da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

c) O Real decreto 296/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o réxime simplificado da contabilidade, salvo a súa disposición adicional cuarta e a súa disposición derradeira segunda.

2. Así mesmo quedan derogadas cantas normas se opoñan ou sexan incompatibles co disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da lei.*

1. Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, aprobe:

a) O Plan xeral de contabilidade, ben como as súas modificacións e normas complementarias; en concreto, as normas para a formulación das contas anuais consolidadas, co albo de desenvolver os aspectos contidos nesta lei, todo isto de conformidade co disposto nas directivas comunitarias e tendo en consideración as normas internacionais de información financeira adoptadas polos regulamentos da Unión Europea. As normas regulamentarias poderán adaptar o contido dos documentos integrantes das contas anuais, co fin de conseguir a necesaria harmonía cos que presenten os grupos de sociedades que apliquen as normas internacionais de información financeira adoptadas polos regulamentos da Unión Europea.

En particular, o Goberno aprobará de forma simultánea ao Plan xeral de contabilidade e como norma complementaria deste, o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas, que recollerá os contidos del

relacionados coas operacións realizadas, con carácter xeral, por estas empresas, e que poderá simplificar criterios de rexistro, valoración e información que se incluírá na memoria, nos termos que regulamentariamente se determinen. Así mesmo, e atendendo á singularidade das empresas de moi reducida dimensión, o desenvolvemento regulamentario introducirá outros criterios de rexistro e valoración simplificados; en particular, no gasto polo imposto sobre sociedades e nas operacións de arrendamento financeiro e outras de natureza similar.

b) A modificación dos límites monetarios establecidos para a presentación de balance, estado de cambios no patrimonio neto e conta de perdas e ganancias abreviados conforme o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, ao abeiro dos criterios fixados polas directivas comunitarias.

c) A dispensa da obriga de consolidar respecto daquelas sociedades en que, non obstante estaren obrigadas a efectuar a consolidación, poida concorrer algunha causa de excepción prevista nas directivas comunitarias.

2. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para que, por proposta do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e mediante orde ministerial aprobe as adaptacións sectoriais do Plan xeral de contabilidade.

3. Autorízase o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas para aprobar normas de obrigado cumprimento en desenvolvemento do Plan xeral de contabilidade e as súas normas complementarias, en particular, en relación cos criterios de recoñecemento e regras de valoración e elaboración das contas anuais.

As normas ditadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas deberanse axustar ao procedemento de elaboración regulado no artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008 e aplicarase respecto dos exercicios que se inicien a partir da devandita data. Non obstante, a disposición adicional segunda entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

13024 *LEI 17/2007, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade. («BOE» 160, do 5-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Directiva 96/92/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 1996, relativa ás normas

comúns para o mercado interior da electricidade, estableceu as bases para a creación do mercado interior da electricidade na Unión Europea. A experiencia adquirida coa aplicación desta directiva permitiu identificar os obstáculos que poden impedir o funcionamento competitivo deste mercado, así como identificar as necesidades de melloras.

Por iso, a Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, estableceu novas normas comúns para completar o mercado interior da electricidade e derogou a Directiva 96/92/CE, introducindo modificacións significativas.

En concreto, introduce novas medidas para garantir unhas condicións equitativas no ámbito da xeración e para reducir o risco de que aparezan posicións dominantes e comportamento abusivo, garantindo así tarifas de transporte e distribución non discriminatorias, mediante un acceso á rede baseado en tarifas publicadas antes da súa entrada en vigor, e velando pola protección dos dereitos dos pequenos clientes e dos clientes vulnerables e a publicación de información sobre as fontes de enerxía para a produción de electricidade, así como referencia ás fontes, cando estean dispoñibles, que faciliten información sobre o seu impacto ambiental.

Para completar o mercado interior da electricidade, introduce un adiamento no calendario de apertura dos mercados e establece a organización e as funcións dos xestores de redes de transporte ou distribución para asegurar que os consumidores poidan acceder á rede en condicións non discriminatorias.

Ademais, para garantir a non-discriminación, unha auténtica competencia e un funcionamento eficaz do mercado, a directiva establece un mesmo conxunto mínimo de competencias que deben asumir as autoridades de todos os Estados membros.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas disposicións normativas de desenvolvemento, estableceron o réxime xurídico das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica, consistentes na súa xeración, transporte, distribución, comercialización e intercambios intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico, de acordo coas previsións contidas na Directiva 96/92/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

Ben que a Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, introduce novidades para completar o mercado interior da electricidade, hai que sinalar que a maior parte das disposicións establecidas nela xa están incorporadas na lexislación española, polo que a súa adecuación só afecta a necesidade de modificar aspectos puntuais.

Trátase dunha directiva que permite a coexistencia de distintas formas de organización do sistema eléctrico, nas cales introduce aquelas exixencias que son indispensables para garantir a converxencia paulatina cara a un mercado europeo de electricidade.

Esta lei incorpora ao noso ordenamento aquelas previsións contidas na Directiva 2003/54/CE, do 26 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se deroga a Directiva 96/92/CE, que requiren unha modificación da Lei do sector eléctrico.

Polo que se refire á obriga contida na citada directiva, consistente en que cada Estado membro designe formalmente as autoridades reguladoras do seu país, dáse cumprimento á exixencia de designación explícita das autoridades reguladoras, modificando o artigo 3 da Lei do sector eléctrico.

Co obxecto de asegurar, entre outros, un acceso eficaz e non discriminatorio ás redes dos distribuidores, refórmasse a configuración actual da actividade de distribución na Lei do sector eléctrico. A actividade de subministración

a tarifa deixa de formar parte da actividade de distribución o 1 de xaneiro de 2009.

Para evitar imporlles unha carga administrativa e financeira desproporcionada ás pequenas empresas de distribución, tal como recolle a directiva, exímense os pequenos distribuidores, de menos de 100.000 clientes, dos requisitos de separación legal e funcional de actividades.

A partir do 1 de xaneiro de 2009 a subministración pasa a ser exercida na súa totalidade polos comercializadores en libre competencia, e son os consumidores de electricidade os que elixen libremente o seu subministrador.

Adáptanse todos os dereitos e as obrigas dos comercializadores e distribuidores á nova orde establecida, tendo en conta que o distribuidor deixa de subministrar a tarifa e considerando, ademais, o novo concepto de subministrador de último recurso. Nesta liña hai que destacar que se reforzan as obrigas en relación coa formalización de contratos dos consumidores e o mantemento das bases de datos de puntos de subministración, que garanten o acceso en igualdade de condicións.

Adóptase un enfoque progresivo co fin de que as empresas se poidan adaptar e garantir que se establezan as medidas e réximes adecuados para protexer os intereses dos consumidores e asegurar que estes teñan un dereito real e efectivo de elección do seu subministrador.

Así, mantense a subministración a tarifa ata o 1 de xaneiro de 2009 e é a partir desta data cando se crean as tarifas de último recurso, que son prezos máximos establecidos pola Administración para determinados consumidores, para os que se concibe a subministración eléctrica como servizo universal, tal como recolle a directiva. Esta actividade realizarana as empresas comercializadoras ás cales se lles impoña tal obriga, que deberán levar a cabo a actividade con separación de contas, diferenciada da actividade de subministración libre.

Para darlle cumprimento á exixencia da separación que, en relación cos xestores das redes de transporte e operadores do sistema, prevé a directiva respecto a actividades de compravenda de enerxía eléctrica, inclúese o mandato de darlles solución aos contratos subscritos por Red Eléctrica de España, S.A. no prazo de catro meses desde a entrada en vigor da Lei do sector eléctrico, de tal xeito que esta sociedade deixe de ser responsable da súa xestión.

Inclúense expresamente as obrigas de información e publicidade de contas das empresas co detalle que establece a directiva no seu artigo 19 e prevense as medidas de separación funcional e de xestión entre as diferentes actividades.

Adáptanse os prazos de resolución das reclamacións administrativas contra un xestor de rede de transporte ou de distribución, de acordo co artigo 23.5 da directiva, reducíndoos a dous meses. Recóllese tamén que este prazo se poida prorrogar por dous meses se o organismo responsable solicita información adicional e por máis tempo co consentimento do reclamante.

Facúltase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para aprobar os prezos das tarifas e as peaxes de acceso e o Goberno para que estableza unha metodoloxía de cálculo das tarifas e peaxes de acceso, engadindo o detalle dos custos que deben incluír, de tal xeito que cada servizo cubra os custos que provoca.

Ademais, introdúcense determinadas modificacións, que aínda que non veñen estritamente derivadas das exixencias que establece a normativa, redundan nunha mellora do funcionamento eficaz do mercado, contribuíndo a mellorar a eficacia na instalación de infraestruturas eléctricas e a desenvolver as diferentes modalidades de contratación.

Realízase unha diferenciación na rede de transporte, en que se introduce unha separación entre transporte primario e secundario, e redistribúense e clarifícanse as competencias administrativas para a autorización destas instalacións, establecendo a competencia da Administración xeral do Estado para a autorización destas instalacións. Ademais, o réxime económico das acometidas

eléctricas asígnaselles ás comunidades autónomas dentro dos límites básicos que estableza o Goberno.

Como actividade regulada que é o transporte, con carácter de monopolio natural, asígnaselle en réxime de exclusividade esta figura de transportista a unha única sociedade.

Para diferenciar as funcións destinadas a asegurar a subministración de enerxía eléctrica, créase unha unidade orgánica específica encargada de desenvolver as funcións de operador do sistema e xestor das redes de transporte dentro de *Red Eléctrica de España, S.A.* Esta medida adicional garante a independencia funcional e de xestión desta actividade, da actividade que Red Eléctrica de España, S.A. exerce como transportista.

Como complemento ao obxectivo que persegue a directiva do acceso eficaz e non discriminatorio ás redes dos distribuidores, créase a Oficina de Cambios de Subministrador, unha sociedade independente responsable da supervisión e, de ser o caso, da xestión centralizada das comunicacións e do rexistro formal dos cambios de subministrador de enerxía eléctrica.

A citada oficina, para o exercicio das súas funcións, terá acceso ás bases de datos de puntos de subministración das empresas.

Introdúcense cambios na lei que permiten mellorar a competencia e o funcionamento eficaz do mercado, tendo en conta a creación do mercado ibérico da electricidade, e as reformas efectuadas no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública, e no Real decreto 1454/2005, do 2 de decembro, polo que se modifican determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico.

Entre outros, adáptanse as posibilidades de contratación e de actuación dos axentes no mercado. Elimínase a figura de axente externo, que pasa a ser incluída na figura de comercializador. Flexibilízanse os requisitos para realizar intercambios intracomunitarios en liña cos avances do mercado interior da electricidade e refórzanse as obrigas do operador de sistema na súa función de xestor de transporte e de garantía de seguranza de subministración. Así mesmo, reestrutúrase na lei o financiamento do operador do mercado e modifícase o réxime sancionador da lei co obxecto de adaptalo ás novas obrigas establecidas.

Por último, introdúcense melloras de carácter puramente técnico, que se refiren fundamentalmente á adecuación da terminoloxía utilizada na lei.

Artigo único. *Modificacións da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«2. Estas actividades exerceranse garantindo o acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica a todos os consumidores demandantes do servizo dentro do territorio nacional e terán a consideración de servizo esencial.»

Dous. O título do artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Competencias das autoridades reguladoras.*»

Tres. Engádesse un parágrafo ao principio do artigo 3 coa seguinte redacción:

«As competencias no sector eléctrico que lles corresponden ás diferentes autoridades reguladoras son as seguintes:»

Catro. A alínea c), do número 1, do artigo 3, queda redactada como segue:

«c) Regular a estrutura de prezos e, mediante peaxe, o correspondente ao uso de redes de transporte e distribución, así como establecer os criterios para o outorgamento de garantías polos suxeitos que corresponda e determinar, de ser o caso, mediante tarifa de último recurso, o prezo máximo da subministración de enerxía eléctrica aos consumidores que regulamentariamente se determine.»

Cinco. A alínea e), do número 1, do artigo 3, queda redactada como segue:

«e) Regular a organización e o funcionamento do mercado de produción de enerxía eléctrica.»

Seis. Engádeselle a alínea j) ao número 1 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«j) Determinar os dereitos e obrigas dos suxeitos relacionados coa subministración de enerxía eléctrica de último recurso.»

Sete. Engádeselle unha alínea k) ao número 1 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«k) Aprobar por medio de resolución do secretario xeral de Enerxía as regras de mercado e os procedementos de operación de carácter instrumental e técnico necesarios para a xestión económica e técnica do sistema.»

Oito. A alínea a), do número 2, do artigo 3, queda redactada como segue:

«a) Sen prexuízo das especificidades establecidas na regulamentación singular a que se refire o artigo 12, autorizar as instalacións eléctricas de xeración de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, as de transporte secundario e distribución que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma e todas as instalacións de transporte primario.»

Nove. A alínea c), do número 3, do artigo 3, queda redactada como segue:

«c) Autorizar as instalacións eléctricas non recollidas na alínea a) do número 2, así como exercer as competencias de inspección e sanción que afecten as ditas instalacións.

En todo caso, entenderanse incluídas as autorizacións das instalacións a que fan referencia os artigos 12 e 28.3.»

Dez. A alínea d), do número 3, do artigo 3, queda redactada como segue:

«d) Impartir instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das redes e instalacións eléctricas de transporte ou distribución da súa competencia e supervisar o seu cumprimento. Así mesmo, determinar en que casos a extensión das redes se considera unha extensión natural da rede de distribución ou se trata dunha liña directa ou dunha acometida en aplicación dos criterios que estableza o Goberno.»

Once. Engádeselle unha nova alínea g) ao número 3 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«g) Supervisar o cumprimento das funcións dos xestores das redes de distribución no seu respectivo territorio.»

Doce. Engádeselle unha alínea h) ao número 3 do artigo 3.

«h) Con independencia das competencias da Administración xeral do Estado, o fomento das enerxías renovables de réxime especial e da eficiencia enerxética no territorio da súa comunidade.»

Trece. Engádesse o número 5 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«5. Sen prexuízo das competencias atribuídas aos diferentes órganos de defensa da competencia, a Comisión Nacional de Enerxía, ademais das funcións que se lle atribúen no número 3 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e co obxecto de garantir a ausencia de discriminación, unha auténtica competencia e un funcionamento eficaz do mercado, supervisará:

a) A xestión e asignación de capacidade de interconexión.

b) Os mecanismos destinados a solucionar a conxestión da capacidade nas redes.

c) O tempo utilizado polo transportista e polas empresas de distribución en efectuar conexións e reparacións.

d) A publicación de información adecuada por parte dos xestores de rede de transporte e distribución sobre as interconexións, a utilización da rede e a asignación de capacidades ás partes interesadas.

e) A separación efectiva de contas co obxecto de evitar subvencións cruzadas entre actividades de xeración, transporte, distribución e subministración.

f) As condicións e tarifas de conexión aplicables aos novos produtores de electricidade.

g) A medida en que os xestores de redes de transporte e distribución están a cumprir as súas funcións.

h) O nivel de transparencia e de competencia.

i) O cumprimento da normativa e dos procedementos relacionados cos cambios de subministrador que se realicen, así como a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

j) O cumprimento das obrigas de información que sexa proporcionada aos consumidores acerca da orixe da enerxía que consomen, así como dos impactos ambientais das distintas fontes de enerxía utilizadas.

Para tal efecto, a Comisión Nacional de Enerxía poderá ditar circulares, que deberán ser publicadas no Boletín Oficial del Estado, para solicitar dos suxeitos que actúan no mercado de produción de enerxía eléctrica canta información requira para efectuar a supervisión.»

Catorce. Modifícase a alínea g) do número 3 do artigo 4, que queda redactada como segue:

«g) Os criterios de protección ambiental que deben condicionar as actividades de subministración de enerxía eléctrica, co fin de minimizar o impacto ambiental producido por estas actividades.»

Quince. Modifícase a totalidade do artigo 9, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 9. *Suxeitos.*

As actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica a que se refire o artigo 1.1 desta lei serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os produtores de enerxía eléctrica, que son aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñen a función de xerar enerxía eléctrica, xa sexa para o seu consumo propio ou para terceiros, así como as de construír, operar e manter as centrais de produción.

b) O operador do mercado, sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 33 desta lei.

c) O operador do sistema, sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 34 desta lei.

d) O transportista, que é aquela sociedade mercantil que ten a función de transportar enerxía eléctrica, así como construír, manter e manobrar coas instalacións de transporte.

e) Os distribuidores, que son aquelas sociedades mercantís que teñen a función de distribuír enerxía eléctrica, así como construír, manter e operar coas instalacións de distribución destinadas a situar a enerxía nos puntos de consumo.

f) Os comercializadores, que son aquelas sociedades mercantís que, accedendo ás redes de transporte ou distribución, adquiren enerxía para a súa venda aos consumidores, a outros suxeitos do sistema ou para realizar operacións de intercambio internacional nos termos establecidos nesta lei.

O Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, determinará os comercializadores que asumirán a obriga de subministración de último recurso.

g) Os consumidores, que son as persoas físicas ou xurídicas que compran a enerxía para o seu propio consumo.

Aqueles consumidores que adquiren enerxía directamente no mercado de produción denomináranse consumidores directos en mercado.

h) (suprimida).»

Dezaseis. Modifícase o número 1 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«1. Todos os consumidores terán dereito ao acceso e á conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, no territorio nacional, nas condicións que regulamentariamente estableza o Goberno, coa colaboración das comunidades autónomas.

Os consumidores que se determinen terán dereito á subministración de enerxía eléctrica a prezos máximos que poderán ser fixados polo Goberno e terán a consideración de tarifas de último recurso.»

Dezasete. Os números 1, 2 e 3 do artigo 11 pasan a ter a seguinte redacción:

«1. A produción de enerxía eléctrica desenvólvese nun réxime de libre competencia no mercado de produción de enerxía eléctrica.

O mercado de produción de enerxía eléctrica é o integrado polo conxunto de transaccións comerciais de compra e venda de enerxía e doutros servizos relacionados coa subministración de enerxía eléctrica.

O mercado de produción de enerxía eléctrica estrutúrase en mercados a prazo, mercado diario, mercado intradiario, a resolución de restricións técnicas do sistema, os servizos complementarios, a xestión de desvíos e mercados non organizados.

Os suxeitos definidos no artigo 9 que actúen no mercado de produción a que se refire o parágrafo anterior poderán pactar libremente os termos dos contratos de compravenda de enerxía eléctrica que subscriban, respectando as modalidades e contidos mínimos previstos nesta lei e nos seus regulamentos de desenvolvemento.

2. A operación do sistema, o transporte e a distribución teñen carácter de actividades reguladas, cuxo réxime económico e de funcionamento se axustará ao previsto nesta lei.

Garántese o acceso de terceiros ás redes de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas establecidas nesta lei.

3. Sen prexuízo do establecido para a subministración de último recurso, a comercialización exercerase libremente nos termos previstos nesta lei, e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que se pacten entre as partes.»

Dezaioito. Engádesse un parágrafo ao final do artigo 11 co seguinte texto:

«O Goberno poderá determinar o funcionamento do mercado diario e intradiario con base nas ofertas de unidades de produción, ben sexan físicas ben en carteira.»

Dezanove. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 13, que quedan redactados do xeito seguinte:

«2. As adquisicións de enerxía a través das interconexións con outros países poderán ser realizadas polos produtores, comercializadores e consumidores directos en mercado.

Esa enerxía poderase adquirir mediante calquera das modalidades de contratación que se autorice no desenvolvemento desta lei.

3. As vendas de enerxía a través das interconexións con outros países poderán ser realizadas polos produtores, comercializadores e consumidores directos en mercado. Estas operacións deberánlle ser comunicadas ao operador do sistema, que poderá denegalas cando impliquen un risco certo para a subministración.»

Vinte. Modifícanse os números 5 e 6 do artigo 13, nos seguintes termos:

«5. Os intercambios de enerxía eléctrica a través das interconexións con países non pertencentes á Unión Europea estarán, en todo caso, sometidos á autorización administrativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

6. O réxime xurídico e económico a que se someterán os intercambios intracomunitarios e internacionais establecerase regulamentariamente respectando os principios de competencia e transparencia que deben rexer o mercado de produción. En todo caso, os suxeitos que realicen operacións de exportación de enerxía eléctrica deberán aboar os custos do sistema que proporcionalmente lles correspondan.»

Vinte e un. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades reguladas a que se refire o número 2 do artigo 11 deben ter como obxecto social exclusivo o seu desenvolvemento, sen que poidan, por tanto, realizar actividades de produción ou de comercialización nin tomar participacións en empresas que realicen estas actividades.

2. Non obstante, un grupo de sociedades poderá desenvolver actividades incompatibles de acordo coa lei, sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes e se cumpran os seguintes criterios de independencia:

a) As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de xeración ou comercialización.

b) Os grupos de sociedades garantirán a independencia das persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas

mediante a protección dos seus intereses profesionais. En particular, establecerán garantías no que concirne á súa retribución e ao seu cesamento.

As sociedades que realicen actividades reguladas e as persoas responsables da súa xestión que se determinen non poderán posuír accións de sociedades que realicen actividades de produción ou comercialización.

Ademais, as sociedades que realicen actividades reguladas, así como os seus traballadores, non poderán compartir información comercialmente sensible coas empresas do grupo de sociedades a que pertencan, no caso de que estas realicen actividades liberalizadas.

c) As sociedades que realicen actividades reguladas terán capacidade de decisión efectiva, independente do grupo de sociedades, con respecto a activos necesarios para explotar, manter ou desenvolver a rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica.

Non obstante, o grupo de sociedades terá dereito á supervisión económica e da xestión das referidas sociedades, e poderán someter a aprobación o plan financeiro anual, ou instrumento equivalente, así como establecer límites globais ao seu nivel de endebedamento.

En ningún caso poderá o grupo empresarial darlles instrucións ás sociedades que realicen actividades reguladas respecto da xestión cotiá, nin respecto de decisións particulares referentes á construción ou mellora de activos de transporte ou distribución, sempre que non se supere o establecido no plan financeiro anual ou instrumento equivalente.

d) As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta en que se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

Ese código de conduta establecerá obrigas específicas dos empregados e o seu cumprimento será obxecto de axeitada supervisión e avaliación pola sociedade.

Anualmente, presentaráselles un informe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía, que será publicado, no cal se indiquen as medidas adoptadas para lograr o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, calquera adquisición de participacións accionariais por parte daquelas sociedades mercantís que desenvolvan actividades reguladas exixirá a obtención da autorización previa a que se refire a función décimo cuarta do número 1 do punto terceiro da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

4. O conxunto de obrigas establecidas nos números 1 e 2 deste artigo non serán aplicables ás empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes aos cales lles fose de aplicación a disposición transitoria décimo primeira desta lei.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 15 e o seu título, que quedan redactados como segue:

«Artigo 15. *Retribución das actividades.*

1. As actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica serán retribuídas economicamente na forma disposta nesta lei con cargo ás peaxes e aos prezos satisfeitos.

2. Para a determinación das peaxes e dos prezos que deberán satisfacer os consumidores, establecerase regulamentariamente a retribución das actividades con criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios que incentiven a mellora da

eficacia da xestión, a eficiencia económica e técnica desas actividades e a calidade da subministración eléctrica.»

Vinte e tres. O número 1 do artigo 16 queda redactado como segue:

«a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados diario e intradiario que se retribuirá sobre a base do prezo resultante do equilibrio entre a oferta e a demanda de enerxía eléctrica ofertada neles.

A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas producidas na rede de transporte e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas.

b) Os servizos de axuste do sistema necesarios para garantir unha subministración adecuada ao consumidor.

Regulamentariamente determinarase qué servizos se consideran de axuste do sistema, así como o seu réxime retributivo, diferenciando aqueles que teñan carácter obrigatorio daqueles potestativos.

c) Adicionalmente, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá establecer unha retribución en concepto de pagamento por capacidade en función das necesidades de capacidade do sistema.»

Vinte e catro. Os números 2, 4 e 5 do artigo 16 quedan redactados como segue:

«2. A retribución da actividade de transporte establecerase regulamentariamente atendendo aos custos de investimento e operación e mantemento das instalacións.

Para o recoñecemento da retribución das novas instalacións de transporte será requisito indispensable que fosen incluídas na planificación a que se refire o artigo 4 desta lei.

Adicionalmente, incluíranse os destinados a reducir o impacto socioambiental derivado da construción de infraestruturas de transporte, cuxo importe, forma de recadación, destino específico e xestión serán fixados polo Goberno ata unha contía máxima do 3% da retribución desa actividade.»

«4. Sen prexuízo do establecido en relación coa subministración de último recurso, a retribución da actividade de comercialización será a que libremente pacten as partes.

5. Terán a consideración de custos permanentes de funcionamento do sistema os seguintes conceptos:

Os custos que, polo desenvolvemento de actividades de subministración de enerxía eléctrica en territorios insulares e extrapeninsulares, se poidan integrar no sistema de acordo co número 3 do artigo 12.

Os custos recoñecidos ao operador do sistema.

Os custos de funcionamento da Comisión Nacional de Enerxía.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 8 do artigo 16, que queda redactado como segue:

«8. Regulamentariamente establecerase o réxime económico dos dereitos por acometidas e demais actuacións necesarias para atender os requirimentos de subministración dos usuarios. Os dereitos que hai que pagar por acometidas fixaranos as comunidades autónomas dentro dunha marxe do $\pm 5\%$ dos dereitos que o Goberno estableza en función da potencia que se solicite e da localización da subministración, de xeito que se asegure a recupe-

ración dos investimentos en que incorran as empresas distribuidoras. Os ingresos por este concepto consideraranse, para todos os efectos, retribución da actividade de distribución.

Naquelas comunidades autónomas en que non se desenvolvese o réxime económico dos dereitos de acometida aplicarase o réxime económico establecido regulamentariamente.»

Vinte e seis. Engádeselle o número 9 ao artigo 16 coa seguinte redacción:

«9. O operador do mercado financiarase con base nos prezos que este lles cobre aos axentes que participen nel polos servizos que presta.»

Vinte e sete. Modifícanse os artigos 17, 18 e 19 e os seus títulos, que quedan redactados da forma seguinte:

«Artigo 17. *Peaxes de acceso ás redes.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das peaxes de acceso ás redes, que se establecerán con base nos custos das actividades reguladas do sistema que correspondan, incluíndo entre eles os custos permanentes e os custos de diversificación e seguranza de abastecemento.

As peaxes así calculadas serán únicas en todo o territorio nacional e non incluírán ningún tipo de impostos.

2. As peaxes terán en conta as especialidades por niveis de tensión e as características dos consumos por horario e potencia.

3. O Goberno establecerá a metodoloxía de cálculo das peaxes.

4. En caso de que as actividades eléctricas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, cuxa cota se obteña mediante regras non uniformes para o conxunto do territorio nacional, á peaxe de acceso poderáselle incluír un suplemento territorial, que poderá ser diferente en cada comunidade autónoma ou entidade local.

Artigo 18. *Tarifas de último recurso.*

1. As tarifas de último recurso, que serán únicas en todo o territorio nacional, serán os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores que, de acordo co previsto na alínea f) do artigo 9, asuman as obrigas de subministración de último recurso, aos consumidores que, de acordo coa normativa vixente para estas tarifas, se acollan a elas.

Estas tarifas de último recurso fixaranse de xeito que no seu cálculo se respecte o principio de suficiencia de ingresos e non ocasionen distorsións da competencia no mercado.

2. As tarifas de último recurso terán en conta as especialidades que correspondan. Para o seu cálculo incluíranse, de forma aditiva na súa estrutura, os seguintes conceptos:

a) O custo de produción de enerxía eléctrica, que se determinará atendendo ao prezo medio previsto do quilovatio/hora no mercado de produción durante o período que regulamentariamente se determine e que será revisable de maneira independente.

b) As peaxes de acceso que correspondan.

c) Os custos de comercialización que correspondan.

3. O Goberno establecerá a metodoloxía de cálculo das tarifas de último recurso. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as dispo-

sicións necesarias para o establecemento destas tarifas de último recurso.

4. As tarifas de último recurso para cada categoría de consumo non incluírán ningún tipo de impostos que sexan de aplicación.

5. En caso de que as actividades eléctricas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, cuxa cota se obteña mediante regras non uniformes para o conxunto do territorio nacional, á tarifa de último recurso poderáselle incluír un suplemento territorial, que poderá ser diferente en cada comunidade autónoma ou entidade local.

6. Co fin de que exista a maior transparencia nos prezos da subministración de enerxía eléctrica, desagregaranse na facturación ao usuario, na forma que regulamentariamente se determine, polo menos os importes correspondentes á imputación dos custos de diversificación e seguranza de garantía de abastecemento e permanentes do sistema e os tributos que graven o consumo de electricidade, así como os suplementos territoriais cando correspondan.

Artigo 19. Cobramento e liquidación das peaxes e prezos.

1. As peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e os prezos por outros servizos regulados destinados á subministración de enerxía eléctrica cobraranos as empresas distribuidoras, que deberán darlles ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co previsto nesta lei.

2. O Goberno establecerá regulamentariamente o procedemento de repartición dos fondos ingresados polos distribuidores entre os que realicen as actividades incluídas no sistema, atendendo á retribución que lles corresponda de conformidade con esta lei.

3. Os suxeitos a que se refire o artigo 9 adheriranse ás condicións que establezan o operador do mercado e o operador do sistema para a realización das operacións de liquidación e pagamento da enerxía que correspondan, que serán públicas, transparentes e obxectivas.»

Vinte e oito. Modifícanse os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 20, que quedan redactados como segue:

«1. As entidades que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades a que se refire o artigo 1.1 desta lei levarán a súa contabilidade de acordo co capítulo VII da Lei de sociedades anónimas, aínda cando non tivesen tal carácter.

O Goberno regulará as adaptacións que fosen necesarias para o suposto de que o titular da actividade non sexa unha sociedade anónima.

En calquera caso, as empresas deberán ter na súa sede central á disposición do público unha copia das súas contas anuais.

2. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de contabilidade ás empresas que realicen actividades a que se refire o artigo 1.1 desta lei ou ás sociedades que exerzan control sobre elas, o Goberno poderá establecer para estas as especialidades contables e de publicación de contas que considere adecuadas, de tal xeito que se reflectan con nitidez os ingresos e gastos das actividades eléctricas e as transaccións realizadas entre sociedades dun mesmo grupo.

Entre as especialidades contables que o Goberno establecerá para as empresas que realicen actividades eléctricas, concederáse especial atención á inclusión nas contas anuais da información relativa ás actuacións empresariais con incidencia sobre o ambiente, co obxectivo de integrar progresivamente os criterios de preservación do contorno nos procesos de decisión económica das empresas.

No caso das sociedades que teñan por obxecto a realización das actividades reguladas, de acordo co disposto no artigo 11.2 desta lei, levarán na súa contabilidade contas separadas que diferencien entre os ingresos e custos imputables estritamente a cada unha destas actividades, co fin de evitar discriminacións, subvencións entre actividades distintas e distorsións da competencia.

Os comercializadores que se designen de último recurso levarán na súa contabilidade interna contas separadas das actividades de subministración de último recurso do resto de actividades.

As sociedades que desenvolvan actividades eléctricas non reguladas levarán contas separadas da actividade de produción, de comercialización, das outras non eléctricas que realicen no territorio nacional e de todas aquelas que realicen no exterior.

Os produtores en réxime especial levarán na súa contabilidade interna contas separadas das actividades eléctricas e daquelas que non o sexan.

3. As entidades deberán explicar na memoria das contas anuais os criterios aplicados na repartición de custos respecto das outras entidades do grupo que realicen actividades eléctricas diferentes. Ademais, deberán informar na memoria sobre os criterios de asignación e imputación dos activos, pasivos, gastos e ingresos, así como das regras de amortización aplicadas.

Estes criterios deberán manterse e non se modificarán, salvo circunstancias excepcionais. As modificacións e a súa xustificación deberán ser explicadas na memoria anual ao correspondente exercicio.

Incluírase tamén, na memoria das contas anuais, información sobre as operacións realizadas coas empresas do seu mesmo grupo empresarial nas condicións que regulamentariamente se establezan.

4. As empresas deberán proporcionarlle á Administración a información que lles sexa requirida, en especial en relación cos seus estados financeiros, que deberá ser verificada mediante auditorías externas á propia empresa que se deberán realizar de conformidade co disposto na Lei de auditoría de contas.

Cando estas entidades formen parte dun mesmo grupo empresarial, a obriga de información estenderase, así mesmo, á sociedade que exerza o control da que realiza actividades eléctricas sempre que actúe nalgún sector enerxético e a aquelas outras sociedades do grupo que leven a cabo operacións coa que realiza actividades no sistema eléctrico.

Reglamentariamente poderanse establecer excepcións á obriga de auditar as contas para as empresas de pequeno ou mediano tamaño.»

Vinte e nove. Engádese un parágrafo ao final do número 1 do artigo 21 coa seguinte redacción:

«Estas autorizacións non poderán ser outorgadas se o seu titular non obtivo previamente a autorización do punto de conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes. Para estes efectos, o procedemento de operación poderá incluír límites á capacidade de conexión por zonas ou por nós.»

Trinta. O número 5 do artigo 21 pasa a ter a seguinte redacción:

«5. A inscrición no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica será condición necesaria para poder participar no mercado de produción de enerxía eléctrica en calquera das modalidades de contratación con entrega física. As comunidades autónomas terán acceso á información contida neste rexistro.»

Trinta e un. O título do artigo 23 e o seu número 1 quedan redactados como segue:

«Artigo 23. *Mercado de produción. Sistema de ofertas no mercado diario de produción de enerxía eléctrica.*

1. Os produtores de enerxía eléctrica efectuarán ofertas económicas de venda de enerxía, a través do operador do mercado, por cada unha das unidades de produción de que sexan titulares, ben físicas ou ben en carteira, cando non se acollesen a sistemas de contratación bilateral ou a prazo que polas súas características queden excluídos do sistema de ofertas.

Aquelas unidades de produción de enerxía eléctrica cuxa potencia instalada sexa superior a 50 MW, ou que á entrada en vigor desta lei estean sometidas ao réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre a determinación da tarifa das empresas xestoras do servizo público, estarán obrigadas a realizarlle ofertas económicas ao operador do mercado para cada período de programación, salvo nos supostos previstos no artigo 25 desta lei.

As unidades de produción de enerxía eléctrica non incluídas no parágrafo anterior poderanlle realizar ofertas económicas ao operador do mercado para aqueles períodos de programación que consideren oportunos.

Os comercializadores de último recurso estarán obrigados a realizarlle ofertas económicas de adquisición de enerxía eléctrica ao operador do mercado en cada período de programación pola parte de enerxía necesaria para a subministración dos seus clientes de último recurso non cuberta mediante outros sistemas de contratación con entrega física.»

Trinta e dous. Modifícanse os números 2 e 3 e engádesse un novo número 4 do artigo 24, que quedan redactados como segue:

«2. As ofertas de adquisición de enerxía eléctrica que lle presenten os suxeitos ao operador do mercado, unha vez aceptadas, constituiranse nun compromiso en firme de subministración polo sistema.

Regulamentariamente determinaranse os suxeitos e as condicións en que se deban realizar as citadas ofertas de adquisición e os casos en que proceda o pedimento polo operador do mercado de garantías suficientes do pagamento. Así mesmo, poderanse regular os procedementos necesarios para incorporar a demanda no mecanismo de ofertas.

As ofertas de adquisición realizadas a través do operador do mercado deberán expresar o período temporal para o cal se solicita a dita subministración e a aceptación da liquidación que se realice.

O contrato entenderase formalizado no momento da casación e perfeccionarase cando se producise a subministración de enerxía eléctrica.

3. Os suxeitos que participen no mercado de produción de enerxía eléctrica poderán formalizar contratos bilaterais con entrega física que recollerán cando menos o prezo de adquisición da enerxía e o período temporal da subministración. Regulamentariamente determinaranse qué elementos destes contratos deberán ser postos en coñecemento do operador do sistema.

4. O operador do mercado coidará de establecer os mecanismos necesarios para que o pagamento das transaccións bilaterais ou a prazo estea garantido.»

Trinta e tres. Introdúcese, como parágrafo segundo no número 3 do artigo 28, o seguinte:

«Estas autorizacións non poderán ser outorgadas se o seu titular non obtivo previamente a autorización do punto de conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes. Para estes efectos, o xestor

da rede de transporte, atendendo a criterios de segurancia de subministración, poderá establecer límites por zonas territoriais á capacidade de conexión, logo de comunicación á Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.»

Trinta e catro. Modifícase a alínea a) do número 4 do artigo 30, que queda coa seguinte redacción:

«a) As instalacións a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 27.»

Trinta e cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do número 5 do artigo 30, que queda redactado como segue:

«5. O Goberno, logo de consulta coas comunidades autónomas, poderá determinar o dereito á percepción dunha prima que complementa o réxime retributivo daquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica de coxeración ou que utilicen como enerxía primaria enerxías renovables non consumibles e non hidráulicas, biomasa, biocarburantes ou residuos agrícolas, gandeiros ou de servizos, aínda cando as instalacións de produción de enerxía eléctrica teñan unha potencia instalada superior a 50 MW.»

Trinta e seis. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 33 queda redactado como segue:

«O operador do mercado exercerá as súas funcións respectando os principios de transparencia, obxectividade e independencia.»

Trinta e sete. Modifícase o número 3 e suprímese o número 4 do artigo 33, que queda redactado o primeiro deles como segue:

«3. O operador do mercado terá acceso directo ao Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica a que se refire o número 4 do artigo 21, así como ao Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado a que se refire o número 4 do artigo 45, así como aos rexistros que para eses mesmos fins se poidan crear nas comunidades autónomas, e coordinará as súas actuacións co operador do sistema.»

Trinta e oito. Os dous primeiros parágrafos do número 1 do artigo 34 substitúense pola seguinte redacción:

«1. O operador do sistema terá como función principal garantir a continuidade e segurancia da subministración eléctrica e a correcta coordinación do sistema de produción e transporte, exercendo as súas funcións en coordinación cos operadores e suxeitos do mercado ibérico da enerxía eléctrica baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

O operador do sistema será o xestor da rede de transporte.»

Trinta e nove. A alínea ñ), do número 2, do artigo 34, queda redactada como segue:

«ñ) Colaborar con todos os operadores e suxeitos do mercado ibérico da electricidade que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións.»

Corenta. Engádenselle as alíneas p), q), r), s), t), u), v) e x) ao número 2 do artigo 34, coa seguinte redacción:

«p) Colaborar co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio na avaliación e no seguimento dos plans de investimento anuais e plurianuais presentados polo titular das instalacións de transporte de enerxía eléctrica a que se refire o número 6 do artigo 35.

q) Garantir o desenvolvemento e a ampliación da rede de transporte definida no título VI, de tal maneira que se asegure o mantemento e a mellora

dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos e coherentes.

r) Garantir que a rede de transporte poida satisfacer a longo prazo a demanda de transporte de electricidade, así como a súa fiabilidade.

s) Xestionar o tránsito de electricidade entre sistemas exteriores que se realicen utilizando as redes do sistema eléctrico español.

t) Proporcionarlle ao xestor de calquera outra rede con que estea interconectado información suficiente para garantir o funcionamento seguro e eficiente, o desenvolvemento coordinado e a interoperabilidade da rede interconectada.

u) Garantir a non-discriminación entre usuarios ou categorías de usuarios da rede de transporte.

v) Proporcionarlles aos usuarios a información que necesiten para acceder eficientemente á rede.

w) A liquidación e comunicación dos pagamentos e cobramentos relacionados cos sistemas insulares e extrapeninsulares, así como a recepción das garantías que no seu caso procedan. O réxime de cobramentos, pagamentos e garantías estará suxeito ás mesmas condicións ca o mercado de produción peninsular.

x) Realizar calquera outra función que regulamentariamente se lle asigne.»

Corenta e un. Modifícase o número 1 do artigo 35, que queda redactado como segue:

«1. A rede de transporte de enerxía eléctrica está constituída pola rede de transporte primario e a rede de transporte secundario.

A rede de transporte primario está constituída polas liñas, parques, transformadores e outros elementos eléctricos con tensións nominais iguais ou superiores a 380 kV e aquelas outras instalacións de interconexión internacional e, de ser o caso, as interconexións cos sistemas eléctricos españois insulares e extrapeninsulares.

A rede de transporte secundario está constituída polas liñas, parques, transformadores e outros elementos eléctricos con tensións nominais iguais ou superiores a 220 kV non incluídas no parágrafo anterior e por aquelas outras instalacións de tensións nominais inferiores a 220 kV que cumpran funcións de transporte.

Así mesmo, considéranse elementos constitutivos da rede de transporte todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, eléctricos ou non, necesarios para o axeitado funcionamento das instalacións específicas da rede de transporte antes definida.»

Corenta e dous. Modifícase o número 2 do punto 2 do artigo 35, que queda redactado como segue:

«En todo caso, o xestor da rede de transporte actuará como transportista único desenvolvendo a actividade en réxime de exclusividade nos termos establecidos nesta lei.

Malia o anterior, habilitase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para autorizar expresa e individualizadamente, logo de consulta coa Comisión Nacional de Enerxía e coa comunidade autónoma en que radique a instalación, que determinadas instalacións de ata 220 kV de tensión, polas súas características e funcións, sexan titularidade do distribuidor da zona que se determine.

Nos casos a que se refire o punto anterior os distribuidores deberán asumir as obrigas do transportista único relativas á construción, operación e mantemento de tales instalacións de transporte.»

Corenta e tres. O número 3 do artigo 35 pasa a ser o número 4, e inclúese un número 3 coa seguinte redacción:

«3. O titular da rede de transporte cumprirá en todo momento as instrucións impartidas polo operador do sistema como xestor da rede de transporte.»

Corenta e catro. Engádenselle dous novos números 5 e 6 ao artigo 35 coa seguinte redacción:

«5. O titular da rede de transporte de enerxía eléctrica, antes do 15 de outubro de cada ano, deberá someter os seus plans de investimento anuais e plurianuais á aprobación da Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Se no prazo dun mes desde a presentación dos plans de investimento non hai pronunciamento expreso da Secretaría Xeral de Enerxía, consideraranse aprobados.

No plan de investimento anual figurarán como mínimo os datos dos proxectos, as súas principais características técnicas, orzamento e calendario de execución.

6. Sen prexuízo dos requisitos establecidos na lexislación xeral das telecomunicacións, as redes de transporte poderanse utilizar para desenvolver servizos de telecomunicacións, sempre que se respecte o principio de separación xurídica de actividades.»

Corenta e cinco. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 36, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Para a autorización de instalacións de transporte de enerxía eléctrica requíranse acreditar suficientemente os seguintes extremos:

a) As condicións técnicas e de seguranza das instalacións e do equipamento asociado.

b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.

c) As características da localización da instalación.

d) A súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización do proxecto.

3. As autorizacións a que se refire o número 1 outorgaranse a Administración competente, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización a que se refire este artigo terá efectos desestimatorios. En todo caso, poderase interpor recurso ordinario ante a autoridade administrativa correspondente.

No caso de instalacións de transporte cuxa autorización deban outorgar as comunidades autónomas, estas solicitaranlle informe previo á Administración xeral do Estado, no cal esta consignará as posibles afeccións da instalación proxectada aos plans de desenvolvemento da rede, á xestión técnica do sistema e ao réxime económico regulados nesta lei, que a Administración autorizante deberá ter en conta no outorgamento da autorización.

4. O titular de autorizacións de instalacións de transporte deberá revestir a forma de sociedade mercantil de nacionalidade española ou, se for o caso, doutro Estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.»

Corenta e seis. Modifícase o número 1 do artigo 37, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. As autorizacións de instalacións de transporte conterán todos os requisitos que deban ser observados na súa construción e explotación.»

O titular das instalacións de transporte de enerxía eléctrica terá os seguintes dereitos e obrigas:

- a) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de transporte de forma regular e continua cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica.
- b) Facilitar o uso das súas instalacións para os movementos de enerxía resultantes do disposto nesta lei e admitir a utilización das súas redes de transporte por todos os suxeitos autorizados, en condicións non discriminatorias, de acordo coas normas técnicas de transporte.
- c) Manobrar e manter as instalacións da súa propiedade de acordo coas instrucións e directrices a que fai referencia a alínea l) do artigo 34.2.
- d) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico nos termos establecidos no título III desta lei.
- e) Exixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan usadas en forma adecuada.»

Corenta e sete. Modifícase o número 2 do artigo 38, que queda redactado como segue:

«2. O operador do sistema como xestor da rede de transporte só poderá denegar o acceso á rede en caso de que non dispoña da capacidade necesaria.

A denegación deberá ser motivada, atendendo ás exixencias que para estes efectos se establezan regulamentariamente.»

Corenta e oito. Os números 1, 2 e 3 do artigo 39 pasan a ser os números 2, 3 e 4 respectivamente, e inclúese un número 1 coa seguinte redacción:

«1. A actividade de distribución de enerxía eléctrica consiste no transporte de electricidade polas redes de distribución co fin de llela subministrar aos clientes.

Os distribuidores serán os xestores das redes de distribución que operen. Como xestores das redes, serán responsables da explotación, do mantemento e, en caso necesario, do desenvolvemento da súa rede de distribución, así como, se for o caso, das súas interconexións con outras redes, e de garantir que a súa rede teña capacidade para asumir, a longo prazo, unha demanda razoable de distribución de electricidade.

Naquelas comunidades autónomas onde exista máis dun xestor da rede de distribución, a Comunidade Autónoma, no ámbito das súas competencias, poderá realizar funcións de coordinación da actividade que desenvolvan os diferentes xestores.»

Corenta e nove. Engádenselle dous novos números, o 5 e o 6, ao artigo 39, coa seguinte redacción:

«5. Os distribuidores de enerxía eléctrica deberán estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado a que se refire o número 4 do artigo 45 desta lei.

6. Sen prexuízo dos requisitos establecidos na lexislación xeral das telecomunicacións, os distribuidores poderán utilizar as súas redes para desenvolver servizos de telecomunicacións. Neste caso, levarán na súa contabilidade ademais contas separadas que diferencien ingresos e custos imputables estritamente a estes servizos.»

Cinquenta. As alíneas b) e c) do número 1 do artigo 41 pasan a ser as alíneas a) e b), respectivamente, e modi-

fícanse as alíneas d) e e), que pasan a ser c) e d), respectivamente, coa seguinte redacción:

«c) Comunicarlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as autorizacións de instalación que lles concedan outras administracións, así como as modificacións relevantes da súa actividade, para os efectos do recoñecemento dos seus custos na determinación da tarifa e a fixación do seu réxime de retribución.

d) Comunicarlles ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Administración competente a información que se determine sobre peaxes de acceso, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.»

Cinquenta e un. Suprímese a alínea f) do número 1 do artigo 41 e engádenselle as alíneas e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o) ao número 1 do artigo 41, coa seguinte redacción:

«e) Atender en condicións de igualdade as solicitudes de acceso e conexión ás súas redes e formalizar os contratos de acceso de acordo co establecido pola Administración.

Regulamentariamente, despois da audiencia ás comunidades autónomas, regularanse as condicións e procedementos para o establecemento de acometidas eléctricas e o enganche de novos usuarios ás redes de distribución.

f) Proceder á medición das subministracións na forma que regulamentariamente se determine, preservando, en todo caso, a súa exactitude e a accesibilidade aos correspondentes aparellos, facilitando o control das administracións competentes.

g) Aplicarlles aos usuarios as peaxes de acceso que, conforme o disposto regulamentariamente, lles correspondan.

h) Desagregar na facturación ao usuario, na forma que regulamentariamente se determine, polo menos os importes correspondentes á imputación dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento e permanentes do sistema e os tributos que graven o consumo de electricidade, así como os suplementos territoriais cando correspondan.

i) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

j) Procurar un uso racional da enerxía.

k) Asegurar o nivel de calidade do servizo que, de acordo cos criterios de diferenciación por áreas e tipoloxía do consumo a que se refire o seguinte capítulo, se estableza regulamentariamente.

l) Aplicar as medidas axeitadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente.

m) Manter actualizada a súa base de datos de puntos de subministración e facilitarlle á Oficina de Cambios de Subministrador a información que se determine regulamentariamente.

n) Preservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas.

ñ) Proporcionarlle ao xestor da rede de transporte información suficiente para garantir o funcionamento seguro e eficiente, o desenvolvemento coordinado e a interoperabilidade da rede interconectada.

o) Os titulares de redes de distribución de enerxía eléctrica, antes do 15 de outubro de cada ano, deberánlles presentar os seus plans de investimento anuais e plurianuais ás comunidades autónomas en que eses investimentos se vaian realizar. Nos plans de investimento anuais figurarán como mínimo os datos

dos proxectos, as súas principais características técnicas, o orzamento e o calendario de execución.»

Cincuenta e dous. Modifícase o número 2 do artigo 41, que queda redactado como segue:

«2. Serán dereitos das empresas distribuidoras:

a) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico nos termos establecidos no título III desta lei e a percepción da retribución que lles corresponda polo exercicio da actividade de distribución.

b) Contratar, facturar e cobrar as peaxes de acceso dos clientes conectados ás súas redes.

c) Exixir garantías aos suxeitos que contraten o acceso ás súas redes de distribución nos termos que se establezan regulamentariamente.

d) Exixir que as instalacións e aparellos receptores dos usuarios que se conecten ás súas redes reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o seu bo uso e o cumprimento das condicións establecidas para que a subministración se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros usuarios.

e) Recibir a información da Oficina de Cambios de Subministrador que se determine regulamentariamente relativa aos cambios de subministrador.

f) Determinar, no exercicio da función de xestor da súa rede de distribución, os criterios da explotación e mantemento das redes, garantindo a seguranza, a fiabilidade e a súa eficacia, de acordo coa normativa ambiental que lles sexa aplicable.»

Cincuenta e tres. Suprímese o número 3 do artigo 41.

Cincuenta e catro. Modifícase o artigo 42, nos seguintes termos:

«Artigo 42. *Acceso ás redes de distribución.*

1. As instalacións de distribución poderán ser utilizadas polos suxeitos regulados no artigo 9 desta lei. O prezo polo uso de redes de distribución virá determinado pola peaxe de acceso ás redes aprobada polo Goberno.

2. Para poder solicitar o acceso ás redes de distribución deberase dispor previamente de punto de conexión nas condicións técnicas establecidas regulamentariamente.

Naqueles casos en que se susciten discrepancias en relación coas condicións de conexión ás redes de distribución, resolverá o órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

3. O xestor da rede de distribución só poderá denegar o acceso á rede en caso de que non dispoña da capacidade necesaria.

A denegación deberá ser motivada. A falla de capacidade necesaria só se poderá xustificar por criterios de seguranza, regularidade ou calidade das subministracións, atendendo ás exixencias que para estes efectos se establezan regulamentariamente.

4. Naqueles casos en que se susciten conflitos en relación co procedemento de acceso á rede, eses conflitos someteranse á resolución da Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o número 4 do artigo 43, que queda redactado da seguinte forma:

«4. As liñas directas só poderán ser utilizadas polos suxeitos titulares da autorización administrativa e polas súas instalacións ou filiais en que contén cunha participación significativa, e non se poderá conceder acceso a terceiros.

A apertura a terceiros do uso da rede exixirá a súa venda, cesión ou achega á empresa transportista ou á empresa distribuidora da zona de xeito que esa rede quede integrada no sistema xeral.»

Cincuenta e seis. Os artigos 44 e 45 quedan redactados como segue:

«Artigo 44. *Subministración.*

1. A subministración de enerxía eléctrica defínese como a entrega de enerxía a través das redes de transporte e distribución mediante contraprestación económica nas condicións de regularidade e calidade que resulten exixibles.

A subministración de enerxía eléctrica aos usuarios realizarana as correspondentes empresas autorizadas.

2. Os consumidores finais de electricidade terán dereito a elixir subministrador e poderán contratar a subministración:

a) Coas correspondentes empresas de comercialización. Neste caso poderán contratar a enerxía e a peaxe de acceso a través do comercializador.

Os consumidores de último recurso definidos no artigo 10.1 terán dereito ademais a contratar a subministración con empresas comercializadoras de último recurso ao prezo máximo que se determine.

b) Con outros suxeitos autorizados no mercado de produción. Estes consumidores directos en mercado contratarán a enerxía co suxeito autorizado e o correspondente contrato de peaxe ás redes directamente co distribuidor a que estean conectadas as súas instalacións.

3. Aquelas sociedades mercantís que queiran actuar como comercializadoras deberán contar con autorización administrativa previa, que terá carácter regulado e outorgará a Administración competente, atendendo ao cumprimento dos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os cales se incluírán, en todo caso, a suficiente capacidade legal, técnica e económica do solicitante. A solicitude de autorización administrativa para actuar como comercializador especificará o ámbito territorial no cal se pretenda desenvolver a actividade.

En ningún caso a autorización se entenderá concedida no réxime de monopolio, nin concederá dereitos exclusivos.

Para poder adquirir enerxía eléctrica co fin de llela subministrar aos seus clientes, as empresas comercializadoras a que se refire este punto deberán estar inscritas no rexistro a que se refire o artigo 45.4 desta lei e presentarlle ao operador do sistema e, de ser o caso, ao operador do mercado, garantías suficientes de acordo co que se estableza regulamentariamente.

4. Regulamentariamente, as administracións competentes establecerán medidas de protección ao consumidor que se deberán recoller nas condicións contractuais para os contratos de subministración dos comercializadores con aqueles consumidores que, polas súas características de consumo ou condicións de subministración, requiran un tratamento contractual específico.

Así mesmo, regulamentariamente se establecerán os mecanismos de contratación e as condicións de facturación das subministracións, incluíndo os procedementos de cambio de subministrador e de resolución de reclamacións.

5. Sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas e sen prexuízo do establecemento polos prestadores de sistemas propios de tramitación de reclamacións

que se axusten ao disposto na Recomendación 98/257/CE, da Comisión, do 30 de marzo de 1998, relativa aos principios aplicables aos órganos responsables da solución extraxudicial dos litixios en materia de consumo, preverase regulamentariamente a posibilidade de acudir ao Sistema Arbitral de Consumo para a resolución de tales reclamacións.

Artigo 45. Obrigas e dereitos das empresas comercializadoras en relación á subministración.

1. Serán obrigas das empresas comercializadoras en relación coa subministración de enerxía eléctrica:

- a) Adquirir a enerxía necesaria para o desenvolvemento das súas actividades e realizar o pagamento das súas adquisicións.
- b) Contratar e aboar a peaxe de acceso correspondente á empresa distribuidora.
- c) Desagregar nas facturacións aos seus clientes cando menos os importes correspondentes á imputación das peaxes, os custos de diversificación e segurancia de abastecemento e permanentes do sistema e os tributos que graven o consumo de electricidade, así como os suplementos territoriais cando correspondan.
- d) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.
- e) Procurar un uso racional da enerxía.
- f) Tomar as medidas adecuadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente.
- g) Subministrarlle á Oficina de Cambios de Subministrador a información que regulamentariamente se determine.
- h) Prestar, de ser o caso, as garantías que regulamentariamente correspondan pola peaxe de acceso dos seus clientes.
- i) Preservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación se poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas.
- j) Informar os seus clientes acerca da orixe da enerxía subministrada, así como dos impactos ambientais das distintas fontes de enerxía e da proporción utilizada entre elas.

2. As empresas comercializadoras terán dereito a:

- a) Exixir que os equipamentos de medida dos usuarios reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o seu bo uso.
- b) Facturar e cobrar a subministración realizada.
- c) Contratar a adquisición ou venda de enerxía eléctrica nos termos previstos na lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.
- d) Obter a información relativa a cambios de subministrador da Oficina de Cambios de Subministrador e os datos dos consumidores que regulamentariamente se determine.
- e) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións e, de ser o caso, reclamar as contías que procedan.
- f) Acceder ás redes de transporte e distribución na forma que regulamentariamente se determine.

3. Os consumidores directos en mercado terán as obrigas e os dereitos regulados nos números 1 e 2 anteriores para os comercializadores, que lles sexan de aplicación en relación coa subministración.

4. Créase, no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado. Regulamentariamente, despois do informe das comunidades autónomas, establecerase a súa

organización, así como os procedementos de inscrición e comunicación de datos a este rexistro.

A inscrición no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado será condición necesaria para participar no mercado de produción de enerxía eléctrica con entrega física.

Non se inscribirán no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado os consumidores que adquiran a súa enerxía a través dunha empresa comercializadora.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais en que deberán estar inscritas todas as instalacións localizadas no ámbito territorial daquelas.»

Cincuenta e sete. O primeiro parágrafo do número 1, do artigo 46, queda redactado como segue:

«1. As empresas distribuidoras, comercializadoras e o operador do sistema, en coordinación cos diversos axentes que actúan sobre a demanda, poderán desenvolver programas de actuación que, mediante unha adecuada xestión da demanda eléctrica, melloren o servizo prestado aos usuarios e a eficiencia e o aforro enerxéticos.»

Cincuenta e oito. Engádese un novo artigo 47 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 47 bis. *Oficina de Cambios de Subministrador.*

1. A Oficina de Cambios de Subministrador será responsable da supervisión dos cambios de subministrador conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia, nos termos que regulamentariamente se establezan.

O Goberno poderalle encomendar á Oficina de Cambios de Subministrador funcións de xestión directa dos cambios de subministrador nas condicións que regulamentariamente se determinen.

2. A Oficina de Cambios de Subministrador será unha sociedade mercantil con obxecto social exclusivo, que realizará as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade.

No seu capital deberán participar os distribuidores e comercializadores de gas natural e de electricidade coas seguintes porcentaxes de participación:

Distribuidores de enerxía eléctrica: 15%.

Distribuidores de gas natural: 15%.

Comercializadores de enerxía eléctrica: 35%.

Comercializadores de gas natural: 35%.

Dentro da cota de cada grupo de suxeitos, a participación correspondente a cada empresa realizarase en función da enerxía circulada a través das súas instalacións, no caso dos distribuidores, e da enerxía vendida no caso dos comercializadores; non poderá resultar unha participación superior ao 20% por grupo de sociedades e adecuarase a participación das empresas polo menos cada dous anos.

No caso de que, segundo a enerxía circulada e vendida dun grupo de sociedades, a participación superase unha cota do 20%, o exceso repartirase entre os restantes suxeitos proporcionalmente ás cotas previas.

O Goberno aseguraralles o dereito a unha representación mínima aos novos entrantes.

3. A Oficina de Cambios de Subministrador financiarase sobre a base das cotas dos seus socios.

4. Para o exercicio da súa actividade, a Oficina de Cambios de Subministrador terá acceso ás bases

de datos de consumidores e puntos de subministración de gas e de electricidade.

Regulamentariamente establecerase a información que os diferentes suxeitos lle deben subministrar á Oficina de Cambios de Subministrador. En calquera caso, deberá constar a información relativa ás faltas de pagamentos en que os consumidores incorresen e que, por tanto, teñan pendentes no momento de solicitar un cambio de subministrador.

5. A Oficina de Cambios de Subministrador remitiralles con carácter anual unha memoria de actividades ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía.»

Cinquenta e nove. Modifícase o terceiro parágrafo do número 1 do artigo 48, que queda redactado do xeito seguinte:

«As empresas eléctricas e, en particular, as distribuidoras, promoverán a incorporación de tecnoloxías avanzadas na medición e para o control da calidade da subministración eléctrica.»

Sesenta. Modifícanse os números 1 e 2 e os dous primeiros parágrafos do número 3 do artigo 50, que quedan redactados da forma seguinte:

«1. A subministración de enerxía eléctrica aos consumidores poderase suspender cando conste esa posibilidade no contrato de subministración ou de acceso, que nunca poderá invocar problemas de carácter técnico ou económico que o dificulten, ou por causa de forza maior ou por situacións das cales poida derivar ameaza certa para a seguranza das persoas ou as cousas, salvo o disposto nos puntos seguintes.

2. Tamén se poderá suspender temporalmente cando iso sexa imprescindible para o mantemento, seguranza da subministración, reparación de instalacións ou mellora do servizo. En todos estes supostos, a suspensión requirirá autorización administrativa previa e comunicación aos usuarios na forma que regulamentariamente se determine. Quedarán exceptuadas desta autorización aquelas actuacións do operador do sistema tendentes a garantir a seguranza da subministración. Este tipo de actuacións deberán ser xustificadas con posterioridade na forma que regulamentariamente se determine.

3. Nas condicións que regulamentariamente se determinen poderá ser suspendida a subministración de enerxía eléctrica aos consumidores privados acollidos a tarifa de último recurso cando transcorresen cando menos dous meses desde que lles fose requirido de xeito fidedigno o pagamento, sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practícarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción por parte do interesado ou do seu representante, así como da data, da identidade e do seu contido.

No caso das administracións públicas acollidas a tarifa de último recurso, transcorridos dous meses desde que lles fose requirido de xeito fidedigno o pagamento sen que este se efectuase, comezarán a xerarse xuros, que serán equivalentes ao xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos. Se transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento o pagamento non se fixese efectivo, poderase interromper a subministración.»

Sesenta e un. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 50, coa seguinte redacción:

«5. As empresas distribuidoras poderán proceder á desconexión de determinadas instalacións de forma inmediata nos casos que se determinen regulamentariamente.»

Sesenta e dous. O artigo 60 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, queda redactado da seguinte forma:

«a) Son infraccións moi graves:

1. A realización de actividades incompatibles de acordo co disposto nesta lei e o incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a iso dos criterios de separación establecidos no artigo 14.2 e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O incumprimento das obrigas de contabilidade exixibles de acordo con esta lei. Entenderase comprendido nesa infracción o incumprimento, por parte dos suxeitos obrigados a iso, da obriga de levar contas separadas conforme o disposto no artigo 20 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

3. A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes dos regulados nesta lei ou nas disposicións de desenvolvemento dela, de maneira que se produza unha alteración no prezo superior ao 15% e sempre que esta supoña unha alteración superior a 300.000 euros.

4. A aplicación de peaxes ou de tarifas non autorizadas pola Administración.

5. O incumprimento das obrigas resultantes do sistema de prezos, tarifas, tarifas de último recurso e peaxes, ou dos criterios de recadación cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En todo caso entenderase como incumprimento das obrigas do sistema de tarifas a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dean lugar as liquidacións das actividades reguladas ou no ingreso das cotas con destinos específicos, a declaración indebida de ingresos e custos e as declaracións efectuadas fóra do prazo establecido, todo iso cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico.

6. A toma de participacións en sociedades nos termos previstos na función décimo cuarta da disposición adicional décimo primeira, terceiro.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, sen a autorización previa da Comisión Nacional de Enerxía, ou co incumprimento das condicións establecidas na resolución autorizadora da Comisión Nacional de Enerxía, así como o incumprimento das restricións impostas no número 1 do artigo 34 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, e o incumprimento das limitacións que se establezan canto á participación no accionariado de Red Eléctrica de España, S.A., do Operador do Mercado Ibérico da Enerxía-Polo Español ou da Oficina de Cambios de Subministrador. Nestes casos responderán as persoas físicas ou xurídicas que adquiren participacións, designen membros nos órganos de administración ou que asuman o exceso de participación no capital o nos dereitos de voto.

7. A denegación ou alteración inxustificadas do acceso de terceiros a instalacións de rede nos supostos que esta lei e as súas normas de desenvolvemento regulan.

8. O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

9. O incumprimento reiterado das obrigas de información establecidas no parágrafo primeiro número 5 do artigo 61.

10. A negativa a admitir inspeccións ou verificacións regulamentarias ou acordadas en cada caso pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou a obstrución á súa práctica.

11. O incumprimento reiterado dos índices obxectivos de calidade do servizo e a non-elabora-

ción dos plans de mellora da calidade do servizo que se establecen no artigo 48.2 desta lei.

12. A interrupción ou suspensión da subministración sen que medien os requisitos legal ou regulamentariamente establecidos ou fóra dos supostos previstos legal ou regulamentariamente.

13. As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas polo Goberno en aplicación do previsto no artigo 10 desta lei por parte dos que realizan actividades establecidas nela.

14. A negativa a subministrar enerxía eléctrica a novos usuarios, sen que existan razóns que o xustifiquen.

15. Calquera manipulación fraudulenta tendente a alterar o prezo da enerxía eléctrica ou a medición das cantidades subministradas.

16. O incumprimento, por parte do titular das instalacións, da súa obriga de manter as instalacións en adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo, de ser o caso, as instrucións impartidas pola Administración competente e polo operador do sistema e xestor da rede de transporte ou polos xestores das redes de distribución, segundo corresponda, e os procedementos de operación do sistema, cando este incumprimento poña en risco a garantía de subministración ou en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

17. O incumprimento continuado, por parte dos obrigados a iso de conformidade coa normativa vixente, da súa obriga de xestionar as verificacións dos equipos de medida.

18. O incumprimento por parte das empresas distribuidoras ou transportistas da súa obriga de realizar as acometidas e a conexión de novas subministracións ou ampliación das existentes que se lles soliciten nas zonas en que operan, cando así resulte exixible de conformidade coa normativa de aplicación.

19. A realización de actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei ou a construción, ampliación, explotación, modificación, transmisión ou peche de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión ou autorización administrativa ou o incumprimento das súas prescricións e condicións cando se poña en risco a garantía de subministración ou en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

20. A redución, sen autorización, da capacidade de produción ou de subministración de enerxía eléctrica.

21. A non-presentación de ofertas de compra ou venda, non simplemente ocasional ou illada, polos suxeitos obrigados a iso no mercado de produción.

22. O incumprimento por parte do operador do sistema das obrigas que lle corresponden segundo o art. 34.2 desta lei, a non ser que expresamente se tipificasen como graves.

23. O incumprimento por parte dos xestores da rede de distribución das obrigas regulamentariamente establecidas no exercicio da súa función, a non ser que expresamente se tipificase como grave.

24. O incumprimento por parte dos distribuidores ou dos comercializadores da súa obriga de pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

25. O incumprimento por parte dos operadores dominantes das restricións impostas na normativa vixente.

26. O incumprimento por parte dos axentes que actúen como representantes da prohibición de actuar simultaneamente por conta propia e por conta allea.

27. A utilización de instrumentos, aparellos ou elementos que poñan en risco a seguranza sen cum-

prir as normas e as obrigas técnicas que deban reunir os aparellos e instalacións afectos ás actividades obxecto desta lei cando comporten perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente.

28. Calquera outra actuación na subministración ou consumo de enerxía eléctrica que supoña unha alteración porcentual da realidade do subministrado ou consumido superior ao 15 por 100 e sempre que supoña unha alteración superior a 300.000 euros.

b) Igualmente, serán infraccións moi graves as infraccións graves do artigo seguinte cando durante os tres anos anteriores á súa comisión lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.»

Sesenta e tres. O artigo 61 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, queda redactado da seguinte forma:

«a) Son infraccións graves as condutas tipificadas no artigo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non poidan cualificarse como moi graves e, en particular:

1. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados de conformidade co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento da súa obriga de realizar auditorías externas nos supostos en que así se exixa.

2. A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes, de maneira que se produza unha alteración no prezo superior ao 10% e sempre que esta supoña unha alteración superior a 30.000 euros; as alteracións inferiores serán consideradas infracción leve.

3. Calquera outra actuación na subministración ou no consumo de enerxía eléctrica que supoña unha alteración porcentual da realidade do subministrado ou consumido superior ao 10 por 100 e sempre que supoña unha alteración superior a 30.000 euros.

4. O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando non resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

5. O incumprimento de cantas obrigas de remisión de información deriven da aplicación da normativa vixente ou resulten do requirimento previo por parte da Administración, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou do operador do sistema ou do operador do mercado, no ámbito das súas funcións. Así mesmo, considerarase infracción grave o incumprimento por parte dos suxeitos do sistema das súas obrigas de información ou comunicación a outros suxeitos do sistema. Tamén se considerará infracción grave a non-remisión da información na forma e no prazo que resulten exixibles.

Igualmente, será infracción grave o incumprimento reiterado da remisión de información a que se refire o artigo 28 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño.

6. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a iso, de conformidade coa normativa vixente, dos índices de calidade do servizo a que se refire o artigo 48.2 desta lei ou das condicións de calidade e continuidade do servizo.

7. O incumprimento reiterado por parte da empresa subministradora de aplicar os descontos correspondentes aos consumidores afectados por interrupcións nas condicións previstas na normativa de aplicación.

8. O atraso inxustificable no comezo da prestación do servizo a novos usuarios.

9. Os incumprimentos tipificados nos números 16 e 19 do artigo anterior cando non concorran as cir-

cunstancias de risco de garantía da subministración ou perigo ou dano grave para as persoas, os bens ou o ambiente.

10. A non-presentación de ofertas de compra ou venda por parte dos suxeitos obrigados a iso no mercado de produción.

11. O incumprimento por parte do operador do mercado das obrigas que lle corresponden segundo o artigo 33 desta lei, non sendo que expresamente se tipifícase como moi graves.

12. O incumprimento por parte do operador do sistema e do xestor da rede de transporte das obrigas regulamentariamente establecidas no desenvolvemento, ampliación, mantemento e mellora da rede de transporte de enerxía eléctrica, non sendo que expresamente se tipifícase como moi grave.

13. O incumprimento por parte dos titulares de instalacións de réxime especial obrigados a iso da súa obriga de pór á disposición do operador do sistema, en tempo real e no que se refire ás desagregacións dos programas das unidades físicas, a mesma información requirida nos procedementos de operación para os grupos hidráulicos de produción.

14. O incumprimento, por parte dos distribuidores ou comercializadores, da obriga de permitir o acceso, de manter unha base de datos de todos os puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, así como de se dotar dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta dos datos do rexistro de puntos de subministración e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos consumidores e comercializadores de enerxía.

15. O incumprimento reiterado e inxustificable dos prazos establecidos para as comunicacións cos comercializadores e clientes e para levar a cabo o cambio de subministrador.

16. O incumprimento reiterado por parte dos comercializadores dos requisitos de contratación e apoderamento cos clientes.

17. O incumprimento por parte dos responsables do punto de medida de dispoñen dos equipamentos de medida e control necesarios, así como impedirles o acceso para a lectura e verificación das instalacións aos encargados da lectura.

18. O incumprimento por parte dos obrigados a iso pola normativa vixente da instalación dos equipamentos de medidas e concentradores necesarios para o correcto funcionamento do sistema, así como da remisión da información ou, de ser o caso, a súa posta á disposición aos destinatarios a que están obrigados a llela remitir.

19. O incumprimento das obrigas de dispoñibilidade de unidades de produción en cada período de programación.

20. O incumprimento das obrigas resultantes da aplicación do sistema de prezos, tarifas, tarifas de último recurso e peaxes, ou dos criterios de recadación cando non teña a consideración de moi grave conforme o artigo anterior. En todo caso entenderase como incumprimento das obrigas do sistema de tarifas a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dean lugar as liquidacións ou no ingreso das cotas, a declaración indebida de ingresos e custos e as declaracións efectuadas fóra do prazo establecido, cando non teña a consideración de moi grave conforme o artigo anterior.

21. O incumprimento das medidas de seguranza, aínda cando non supoñan perigo manifesto para os bens.

b) Igualmente, serán infraccións graves as infraccións leves do artigo seguinte cando durante o ano

anterior á súa comisión lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.»

Sesenta e catro. O artigo 62 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, queda redactado da seguinte forma:

«Son infraccións leves:

1. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a iso das súas obrigas en relación coa formalización dos contratos de subministración.

2. O incumprimento das obrigas derivadas das regras do mercado ou dos procedementos de operación, que non teñan a consideración de infracción de conformidade cos artigos 60 ou 61 desta lei, cando dese incumprimento derive prexuízo para o funcionamento do mercado ou do sistema eléctrico.

3. O incumprimento inxustificable dos prazos establecidos para as comunicacións cos comercializadores e clientes e para levar a cabo o cambio de subministrador.

4. O incumprimento por parte dos comercializadores dos requisitos de contratación e apoderamento cos clientes.

5. O incumprimento por parte dos comercializadores e distribuidores de calquera requisito de información exigible nas súas facturas.

6. O incumprimento das obrigas de información a que se refire o artigo 28 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, cando non teña a consideración de grave conforme o artigo anterior.

Constitúen infraccións leves aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia comprendidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos dous artigos anteriores.»

Sesenta e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 64, que queda redactado como segue:

«1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

As infraccións moi graves, con multa de ata 30.000.000 de euros.

As infraccións graves, con multa de ata 6.000.000 de euros.

As infraccións leves, con multa de ata 600.000 euros.»

Sesenta e seis. Engádesse un novo parágrafo ao final do artigo 65, coa seguinte redacción:

«O prazo máximo para resolver e notificar os expedientes sancionadores tramitados conforme o procedemento previsto será dun ano.

Para estes efectos, nos casos en que a competencia sexa da Administración xeral do Estado, a Comisión Nacional de Enerxía deberalle remitir o expediente instruído e a proposta de sanción ao órgano competente para a súa resolución cun prazo de antelación mínimo de dous meses antes da finalización do prazo máximo para resolver e notificar os expedientes previstos no parágrafo anterior.»

Sesenta e sete. Modifícase o primeiro parágrafo do número 5 da disposición adicional sétima, que queda redactado como segue:

«5. A porcentaxe de facturación por venda de enerxía eléctrica afecta á compensación, que para os efectos do artigo 16.6 desta lei terá o carácter de custo por diversificación e seguranza de abastecemento, determinará o Goberno e será, como máximo, o 3,54 por 100 ou a porcentaxe que corresponda nas peaxes de acceso ás redes.»

Sesenta e oito. A disposición adicional décimo sexta será como segue:

«Disposición adicional décimo sexta. *Mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo.*

O Goberno poderá establecer por vía regulamentaria mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo de enerxía eléctrica. Eses mecanismos tomarán a forma dunha emisión primaria de certa cantidade de enerxía eléctrica, equivalente a unha potencia determinada, nas condicións e durante o período de tempo que se especifiquen na emisión.

Esta emisión primaria de enerxía realizarana aqueles produtores de enerxía eléctrica que teñan a condición de operadores dominantes no sector eléctrico.

O Goberno fixará regulamentariamente as condicións e o procedemento de funcionamento e participación nesta emisión primaria de enerxía eléctrica, que deberá ser pública, transparente e non discriminatoria.»

Sesenta e nove. As disposicións adicionais décimo sétima, décimo oitava e décimo novena redáctanse do seguinte xeito:

«Disposición adicional décimo sétima. *Xeración de xuros no suposto de falta de ingreso polos axentes do sistema eléctrico das cotas con destinos específicos.*

No suposto de que os axentes do sistema eléctrico aos cales corresponda efectuar o ingreso das cotas con destinos específicos de conformidade co disposto no artigo 6.5 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento ou norma que o substitúa, non cumprisen coa súa obriga de ingresar as cantidades que lles correspondan, comezarán a xerarse automaticamente xuros de demora que serán equivalentes ao xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Para estes efectos, a Comisión Nacional de Enerxía requiriraos, inmediatamente despois de transcorrido o prazo para efectuar o pagamento, para que procedan ao ingreso dos importes correspondentes, sen prexuízo da xeración automática dos xuros a partir do día seguinte ao da finalización do período establecido para o pagamento.

Queda exceptuada do disposto nos puntos anteriores a taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico, que se rexerá pola súa normativa específica.

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.

Disposición adicional décimo oitava. *Xeración de xuros no suposto de falta de pagamento polos axentes do sistema eléctrico das liquidacións.*

No suposto de que os axentes do sistema eléctrico aos cales corresponda efectuar pagamentos por liquidacións de conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento, ou norma que

o substitúa, non cumprisen coa súa obriga de ingresar en prazo as cantidades que lles correspondan, comezarán a xerarse, sen necesidade de requirimento previo, xuros de demora que serán equivalentes ao xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.

Disposición adicional décimo novena. *Capacidade xurídica dos suxeitos do mercado ibérico da electricidade.*

1. Desde a data en que entre en vigor o convenio internacional relativo á constitución dun mercado ibérico da enerxía eléctrica entre o Reino de España e a República Portuguesa, do 1 de outubro de 2004, reconeceráselles capacidade aos suxeitos do sector eléctrico portugués para actuaren nos mercados de enerxía eléctrica previstos no citado convenio, sempre que se atopen comprendidos dentro do seu artigo 3, e de acordo coa normativa vixente en España.

2. Habilitase o Goberno para que, mediante real decreto, e unha vez que entrase en vigor o convenio internacional relativo á constitución dun mercado ibérico da enerxía eléctrica entre o Reino de España e a República Portuguesa, asinado o 1 de outubro de 2004, poida establecer o réxime xurídico a que se deba acoller a actuación dos distintos suxeitos, para a realización de operacións de compravenda nos mercados de enerxía eléctrica previstos no citado convenio.

3. Os axentes que actúen por conta doutros suxeitos do mercado ibérico da enerxía eléctrica, de acordo coa normativa que lles resulte de aplicación, terán a consideración de representantes para os efectos da súa actuación nos mercados de enerxía eléctrica que integran o citado mercado ibérico, e, en consecuencia, terán a condición de suxeitos para os efectos do artigo 9.

A acreditación da condición de representante realizarase mediante a presentación do correspondente poder notarial.

Os axentes que actúen como representantes non poderán actuar simultaneamente por conta propia e por conta allea.

Enténdese que un representante actúa por conta propia cando participe de forma directa ou indirecta en máis dun 50 por cento do capital da sociedade que representa.»

Setenta. Modifícase o número 1 da disposición adicional vixésima nos seguintes termos:

«1. O Goberno, logo de informe da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, con carácter excepcional, poderá aprobar plans de viabilidade extraordinarios para aquelas sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica que demostren especiais dificultades financeiras ata o punto de poderen pór en perigo o desenvolvemento normal das actividades da empresa.

Estes plans de viabilidade extraordinarios consideraranse custos permanentes de funcionamento do sistema para efectos do previsto no artigo 16.5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e incluíranse como tales para o cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia establecida no Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro.»

Setenta e un. Engádense as disposicións adicionais vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo cuarta e vixésimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Prazos de resolución de conflitos en relación coa xestión das redes.*

As reclamacións administrativas contra un xestor de rede de transporte ou de distribución poderanse presentar ante o organismo responsable da súa resolución, que emitirá unha decisión no prazo dos dous meses seguintes á recepción da reclamación. Este prazo poderase prorrogar por dous meses se o organismo responsable solicita información adicional. Poderase prorrogar por máis tempo co consentimento do reclamante.

Disposición adicional vixésimo terceira. Creación dunha unidade orgánica específica na sociedade Red Eléctrica de España, S.A.

Para o exercicio das funcións correspondentes ao operador do sistema e xestor da rede de transporte, definidas no número 2 do artigo 34, a empresa Red Eléctrica de España, S.A. procederá á creación, dentro da súa estrutura, dunha unidade orgánica específica que exercerá en exclusiva as funcións de operador do sistema eléctrico e xestor da rede de transporte coa axeitada separación contable e funcional, dando cumprimento aos criterios establecidos no artigo 14 desta lei, respecto do resto de actividades da empresa.

O director executivo da unidade orgánica específica a que se refire o parágrafo anterior será nomeado e cesado polo Consello de Administración da sociedade Red Eléctrica de España, S.A., co visto e prace do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

O persoal da unidade que exerza as funcións como xestor técnico do sistema subscribirá o código de conduta a que fai referencia o artigo 14 desta lei garantindo a súa independencia respecto do resto de actividades desenvolvidas polo grupo empresarial.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Subministración de último recurso.*

A partir do 1 de xaneiro de 2009 queda suprimido o sistema de tarifas integral, establecendo as tarifas de último recurso.

A partir do 1 de xaneiro de 2010, só poderán permanecer acollidos a tarifa de último recurso aqueles consumidores con subministracións en baixa tensión.

A partir do ano 2011 poderanse acoller a tarifas de último recurso os consumidores de enerxía eléctrica cuxa potencia contratada sexa inferior a 50 kW.

Autorízase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a modificar o límite de potencia establecido no parágrafo anterior se así o recomendan as condicións do mercado en relación cos consumidores de baixa tensión.

Así mesmo, o Goberno poderá determinar os prezos que deberán pagar aqueles consumidores que transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador.

Habilitase o Goberno para adiantar os prazos establecidos nesta disposición adicional.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Plan de fomento das enerxías renovables.*

O Goberno modificará o Plan de fomento das enerxías renovables, para adecualo aos obxectivos que estableceu a este respecto a Unión Europea do 20% para 2020, mantendo o compromiso que este plan establecía do 12% para 2010. Estes obxectivos serán tidos en conta na fixación das primas para este tipo de instalacións.»

Setenta e dous. Modifícase o número 3 da disposición transitoria novena, que queda redactada como segue:

«3. Sen prexuízo do previsto no artigo 13.4 desta lei, os contratos que, tendo por obxecto intercambios intracomunitarios e internacionais de enerxía eléctrica a longo prazo, fosen subscritos por Red Eléctrica de España, S.A. con anterioridade á entrada en vigor desta lei, manterán a súa vixencia ata que se produza a súa extinción.

A enerxía que teña a súa orixe nos mencionados contratos retribuirase ao prezo e nas condicións previstas neles e integrarase no mercado de produción de enerxía eléctrica nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

Setenta e tres. Suprímense as disposicións transitorias décimo segunda e décimo terceira.

Setenta e catro. Engádense unha nova disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo novena. Retribución do operador do mercado.

En función da conformación do mercado ibérico da electricidade e ata a culminación do proceso de integración do OMEL-OMIP, sen prexuízo do establecido no artigo 16, número 9, unha parte da retribución do operador do mercado poderá ter a consideración de custo permanente de funcionamento do sistema.

A súa contía será establecida polo Goberno con carácter anual.

Do mesmo xeito, os prezos a que se refire o artigo 16.9 poderá fixalos transitoriamente o Goberno.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do artigo 57 da Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear.*

Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 57 da Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear, que queda coa seguinte redacción:

«No caso de instalacións nucleares, a cobertura exixible, de acordo co artigo 55 desta lei, será de 700 millóns de euros. No entanto, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá impor outro límite, non inferior a 30 millóns de euros, cando se trate de transportes de substancias nucleares ou de calquera outra actividade, cuxo risco, a xuízo do Consello de Seguranza Nuclear, non requira unha cobertura superior. Estas cifras poderán ser modificadas polo Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para ter en conta a evolución dos convenios internacionais subscritos polo Estado español e o transcurso do tempo ou a variación do índice de prezos de consumo para manter o mesmo nivel de cobertura.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear.*

Introdúcese unha disposición adicional (nova) á Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear, que queda redactada na seguinte forma:

«Disposición adicional (nova). *Responsabilidade civil nuclear por danos ambientais.*

1. Sen prexuízo do disposto nesta lei en relación coa responsabilidade civil derivada de danos nucleares, os titulares de instalacións nucleares e de transportes de substancias nucleares serán responsables dos danos ambientais nucleares producidos no territorio nacional que sexan consecuencia dunha liberación accidental de radiacións ionizantes ao ambiente con orixe nas ditas instalacións ou transportes, entendidos estes danos como os definidos no punto terceiro desta

disposición adicional. Para tal efecto, eses titulares deberán dispor dunha cobertura de risco de 700 millóns de euros, ben que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá impor outro límite, non inferior a 30 millóns de euros, cando se trate de transportes de substancias nucleares ou de calquera outra actividade, cuxo risco, a xuízo do Consello de Seguranza Nuclear, non requira unha cobertura superior.

2. Para facer fronte a esta responsabilidade, eses titulares deberán ingresar na conta específica da Comisión Nacional de Enerxía a que fai referencia o número 1.9 do anexo I do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, unha prima de responsabilidade ambiental co fin de que a tarifa eléctrica garanta a cobertura indicada no punto anterior, que será independente da cobertura establecida no primeiro parágrafo do artigo 57 desta lei. O importe desta prima fixarao o Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. Os danos establecidos no punto primeiro desta disposición adicional comprenden as seguintes categorías:

a) O custo das medidas de restauración do ambiente degradado, excepto se esa degradación é insignificante, se tales medidas foron efectivamente adoptadas ou deban selo.

b) O lucro cesante directamente relacionado cun uso ou disfrute do ambiente que resulte dunha degradación significativa del.

c) O custo das medidas preventivas e calquera perda ou dano causado por tales medidas.

Para estes efectos entenderase por:

Medidas de restauración: todas as medidas razoables aprobadas polo Ministerio de Medio Ambiente, logo do informe do Consello de Seguranza Nuclear, e que tendan a restaurar ou restablecer os elementos danados ou destruídos do ambiente ou a introducir, cando isto sexa razoable, o equivalente destes elementos no ambiente.

Medidas preventivas: todas as medidas razoables adoptadas por calquera persoa, despois de que ocorrese un accidente nuclear ou un suceso que cree unha ameaza grave e inminente de dano nuclear, para previr ou reducir ao mínimo os danos nucleares mencionados anteriormente, suxeitas á aprobación do Ministerio de Medio Ambiente, logo do informe do Consello de Seguranza Nuclear.

4. A reclamación aos titulares das instalacións e dos transportes da compensación polos danos establecidas no número 3 exercitarase ante a xurisdición civil, debéndose dirixir a acción conxuntamente contra a Comisión Nacional de Enerxía.

5. O dereito a reclamar os danos ambientais nucleares extinguirase se non se inicia a correspondente acción dentro do prazo de dez anos contados desde a data en que se produciu a emisión.

6. O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta disposición adicional.»

Disposición adicional terceira. *Constitución das sociedades filiais de Red Eléctrica de España, S.A.*

1. Red Eléctrica de España, S.A. constituirá unha sociedade filial en que teña a totalidade do capital social e á cal correspondan as funcións de operador do sistema, xestor da rede de transporte e de transportista, que se realizará coa achega de todos os activos materiais e persoais que se encontren actualmente dedicados ao exercicio de tales actividades. Red Eléctrica de España, S.A.

poderalle transmitir a súa denominación social a esa sociedade filial.

2. Á sociedade filial de Red Eléctrica de España, S.A. constituída consonte o número 1 anterior aplicaráselle todas as disposicións da Lei do sector eléctrico e concordantes relativas ao operador do sistema e xestor da rede de transporte e corresponderalle o dereito de adquisición preferente establecido no artigo 91 da Lei 53/2002, do 30 de decembro. Poderá participar no accionariado da sociedade matriz calquera persoa física ou xurídica, sempre que a suma da súa participación directa ou indirecta no capital desta sociedade non supere o cinco por cento do capital social nin exerza dereitos políticos por encima do tres por cento. Estas accións non se poderán syndicar para ningún efecto. No caso de suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico e aquelas persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital destes cunha cota superior ao cinco por cento, non poderán exercer dereitos políticos na sociedade responsable da operación do sistema por encima do un por cento.

Red Eléctrica de España, S.A. non poderá transmitir a terceiros as accións desta filial que realiza actividades reguladas.

Disposición adicional cuarta. *Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.*

1. A alínea a) do número 2 do artigo 34 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Xeración e subministración de enerxía eléctrica.»

2. O último parágrafo da disposición adicional terceira queda redactado nos seguintes termos:

«A Comisión Nacional de Enerxía, tras o acordo do Consello de Reguladores do MIBEL, fará pública por medios telemáticos a listaxe de operadores dominantes a que se refire esta disposición adicional.»

Disposición adicional quinta. *Supervisión do mercado eléctrico.*

A Comisión Nacional de Enerxía, no exercicio das funcións de supervisión que ten encomendadas, remitiralle anualmente un informe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en que analizará o grao de desenvolvemento da competencia no mercado eléctrico incluíndo, de ser o caso, propostas de reforma regulatoria destinadas a reforzar o grao de competencia efectiva no sector.

Disposición transitoria primeira. *Creación da Oficina de Cambios de Subministrador.*

No prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor desta disposición, as empresas distribuidoras e comercializadoras a que fai referencia o artigo 47 bis deberán constituir a sociedade mercantil Oficina de Cambios de Subministrador.

Esta sociedade, logo de autorización da Secretaria Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, iniciará a súa actividade antes de que transcorran seis meses desde a publicación desta disposición.

Disposición transitoria segunda. *Subministración a tarifa dos distribuidores.*

1. Ata o momento de entrada en vigor do mecanismo de subministración de último recurso, continuará en vigor a subministración a tarifa que realizarán os distribuidores nas condicións que se establecen nesta disposición transitoria.

As tarifas de aplicación ás subministracións terán en conta as especialidades que correspondan.

O Goberno establecerá unha metodoloxía para o seu cálculo, que incluírá, entre outros, o custo de produción de enerxía eléctrica, os custos de transporte e distribución de enerxía eléctrica, os custos de comercialización, os custos permanentes do sistema e os custos de diversificación e segurancia de abastecemento.

2. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, tras o acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas. As tarifas aprobadas non incluírán os impostos que sexan de aplicación.

3. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio establecerá o mecanismo de traspaso de clientes do sistema a tarifa ao sistema de tarifa de último recurso que lles corresponda.

4. As empresas distribuidoras, en canto sexan responsables de realizar a subministración a tarifa regulada nesta disposición transitoria, estarán obrigadas a presentar ofertas económicas de adquisición de enerxía pola parte de enerxía necesaria para a subministración dos seus clientes a tarifa non cuberta mediante sistemas de contratación bilateral con entrega física.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio regulará a participación dos distribuidores nos sistemas de contratación bilateral con entrega física.

As empresas distribuidoras, como responsables de realizar a subministración a tarifa regulada nesta disposición transitoria, terán dereito ao recoñecemento por parte da Administración dunha retribución regulada polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico. Esa retribución calcularase atendendo aos custos que se consideren necesarios para realizar a actividade.

Para estes efectos, a facturación dos seus clientes a tarifa cobrarana as empresas que realicen a actividade de comercialización a tarifa e deberán someter as cantidades ingresadas ao proceso de liquidacións de actividades reguladas da Comisión Nacional de Enerxía.

O custo de adquisición de enerxía eléctrica no mercado de produción de electricidade en que incorran estas empresas considérase como custo liquidable e calcularase para cada período de liquidación tomando como referencia a enerxía adquirida nos mercados organizados en que se autorice a súa participación e o prezo medio ponderado das adquisicións correspondentes ao conxunto de comercializadoras a tarifa que resulte en cada período.

5. Serán obrigas das empresas distribuidoras en relación coa subministración de enerxía eléctrica a tarifa:

a) Atender en condicións de igualdade as demandas de novas subministracións eléctricas a tarifa nas zonas en que opere a empresa distribuidora do seu grupo empresarial e formalizar os contratos de acordo co establecido pola Administración.

b) Adquirir a enerxía necesaria para o desenvolvemento das súas actividades.

c) Facturar e cobrar a subministración realizada.

d) Aplicarlles aos seus consumidores a tarifa que, conforme o disposto pola Administración xeral do Estado, lles corresponda.

e) Informar, se for o caso, os seus consumidores da tarifa eléctrica máis conveniente para eles.

f) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

g) Procurar un uso racional da enerxía.

h) Aplicar as medidas axeitadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente.

i) Subministrarlle á Oficina de Cambios de Subministrador definida no artigo 47 bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a información que regulamentariamente se determine.

j) Preservar o carácter confidencial da información de que teñan coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas.

6. As empresas distribuidoras en relación coa subministración de enerxía eléctrica a tarifa terán dereito a:

a) Exixir que os equipamentos de medida dos usuarios reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o seu bo uso.

b) Contratar a adquisición ou venda de enerxía eléctrica nos termos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas disposicións de desenvolvemento.

c) Recibir a información da Oficina de Cambios de Subministrador e os datos dos consumidores que regulamentariamente se determinen relativa aos cambios de subministrador.

d) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións e, de ser o caso, reclamar as contías que procedan.

e) Acceder ás redes de transporte e distribución na forma que regulamentariamente se determine.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación dos estatutos e estrutura orgánica da sociedade Red Eléctrica de España, S.A.*

1. Antes de que transcorra un ano desde a entrada en vigor desta lei, Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima constituirá as sociedades filiais a que se refire a disposición adicional quinta desta lei e procederá á adaptación dos seus estatutos e da súa estrutura orgánica ao disposto na disposición adicional vixésimo terceira, sobre creación dunha unidade orgánica específica, da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Os aranceis de notarios, rexistradores mercantís e da propiedade correspondentes aos actos necesarios de adaptación da estrutura orgánica á exigencia de separación de actividades, así como os necesarios para a constitución das filiais, quedarán reducidos ao 10 por 100.

2. Do mesmo xeito, antes de que transcorran seis meses desde a entrada en vigor desta lei, Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima dará unha solución aos contratos que fosen subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, que exima esta sociedade da responsabilidade da súa xestión. Para iso habilítase a Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima para ceder os dereitos destes contratos a terceiros logo de autorización da Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio dos axentes externos autorizados.*

Os axentes externos que con anterioridade á entrada en vigor desta lei obtivesen a autorización administrativa e estivesen inscritos no correspondente rexistro administrativo, disporán dun prazo de seis meses para adaptar a súa autorización e inscrición á figura do comercializador. Durante este período, os dereitos e obrigas destes suxeitos serán os establecidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas disposicións de desenvolvemento para os comercializadores.

Disposición transitoria quinta. *Adaptación das obrigas de separación de actividades.*

As empresas e os grupos empresariais que, á entrada en vigor desta lei desenvolvan actividades no sector eléctrico, disporán dun prazo de seis meses para adaptárense

ao disposto no artigo 14 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Disposición transitoria sexta. *Novas funcións de Red Eléctrica de España, S.A. nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

No prazo de catro meses desde a publicación desta lei, Red Eléctrica de España, S.A. pasará a realizar todas as funcións asignadas ao operador do mercado en relación coa liquidación e comunicación dos pagamentos e cobramentos correspondentes aos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, así como coa recepción das garantías que, de ser o caso, procedan.

Disposición transitoria sétima.

O operador do sistema remitiralle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio unha nova versión do procedemento de operación a que fai referencia o número 1 do artigo 21, no prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei, sen prexuízo de ulteriores revisións e actualizacións.

Disposición transitoria oitava.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará, sobre a proposta de norma realizada pola Comisión Nacional de Enerxía segundo o mandato da disposición adicional décimo segunda do Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, e tras a consulta ás comunidades autónomas, o mecanismo previsto na alínea d) do número 1 do artigo 16 desta lei.

Disposición transitoria novena. *Transmisión de instalacións de transporte.*

Co fin de darlle cumprimento ao establecido nos artigos 9 e 35.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as empresas que á entrada en vigor desta lei sexan titulares de instalacións de transporte deberánlle transmitir esas instalacións a Red Eléctrica de España, S.A., como xestor da rede de transporte e transportista único, no prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei.

O prezo de cada compravenda será acordado entre as partes e estará baseado en prezos de mercado. No caso de discrepancias no seu establecemento, as partes deberánlle solicitar á Comisión Nacional de Enerxía o nomeamento dun árbitro independente, que será o encargado da determinación do prezo, que será vinculante para ambas as partes.

Os aranceis de notarios, rexistradores mercantís e da propiedade correspondentes aos actos necesarios para a formalización das compravendas anteriores quedarán reducidos ao 10%.

Mentres non se materialice a transmisión das instalacións de transporte, as empresas titulares desas instalacións poderán seguir exercendo esa actividade, respecto ás instalacións da súa propiedade postas en servizo ou que iniciasen a tramitación da autorización administrativa previa con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, e seralles de aplicación para estes efectos o disposto na citada Lei 54/1997 para o transportista único.

As transmisións de elementos patrimoniais derivadas da aplicación desta norma seralles aplicable o réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións de rango de lei da normativa de defensa da competencia.

Malia o anterior, quedarán excluídas da mencionada transmisión aquelas instalacións que sexan autorizadas

polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, conforme o disposto no artigo 35.2.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

Esta lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13 e 25 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

13025 *LEI 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos. («BOE» 160, do 5-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O réxime especial agrario da Seguridade Social naceu a mediados da década dos sesenta do século pasado, momento en que o sector agrario ocupaba un posto de primeira liña na actividade económica, pola súa relevancia tanto na poboación activa ocupada como no produto interior bruto nacional.

O seu obxectivo foi o de incorporar os traballadores agrarios á protección da Seguridade Social, desde unha perspectiva que lles recoñecía singularidades específicas en materia de cotización e de prestacións.

Para estes efectos, procedeuse a conxugar un marco específico de contribución atenuada cuns niveis de protección progresivamente actualizada, para ir converxendo coa establecida noutros réximes da Seguridade Social, todo isto tendo en conta as posibilidades económicas do sector. Esta articulación ten na actualidade como referentes básicos o Decreto 2123/1971, do 21 de xullo, polo que se aprobou o texto refundido da lexislación de Seguridade Social agraria, e o Decreto 3772/1972, do 23 de decembro, que supuxo o seu desenvolvemento regulamentario.

Trátase, non obstante, de normas que, en boa medida, xa non se corresponden coas transformacións operadas nas últimas décadas no sector agrario, en particular polo que se